

Programa

10:45h

Rexistro de asistentes.

Recepción e acreditación dos participantes.

11:00h

Apertura da xornada.

Benvida institucional e contextualización da BFFood como programa de referencia para o impulso da innovación, o emprendemento e a colaboración no sector alimentario galego.

11:15h

Presentación da convocatoria da VIII Edición da BFFood.

Exposición dos obxectivos da nova edición, as condicións de participación, os servizos de apoio que ofrece o programa e as oportunidades de participación e colaboración co ecosistema.

11:40h

Ponencia: O estado do agrifoodtech en España.

Visión xeral da situación actual do ecosistema agrifoodtech a nivel estatal, a partir da experiencia de Eatable Adventures, abordando tendencias, retos clave, evolución do investimento e oportunidades de conexión entre start-ups, industria e mercado.

12:10h

Panel: Os retos da BFFood e da industria alimentaria.

Espazo de reflexión e diálogo aberto arredor dos retos actuais da innovación no sector, das necesidades do mercado, da colaboración entre diferentes axentes do ecosistema e dos factores clave para impulsar proxectos con impacto real.

12:50h

Panel: Da idea ao mercado. Casos de éxito de start-ups da BFFood.

Conversa arredor da evolución de proxectos emprendedores desde a súa orixe ata a súa chegada ao mercado, compartindo experiencias, aprendizaxes e retos de crecemento no marco da BFFood.

13:30h

Clausura. Peche da xornada e mensaxes finais.

13:35h

Xantar networking.

Espazo informal para o intercambio de experiencias e a conexión entre participantes.